



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
Servizo de Asistencia Técnica a Municipios



CONCELLO DE CERCEDA

Número 133/2025

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA CO OBXECTO DE HABILITAR A ENCOMENDA DA XESTIÓN MATERIAL DA SELECCIÓN DO SEU PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A E ARQUITECTO/A TÉCNICO/A A ESTA DEPUTACIÓN.

Na Coruña, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada por Don Valentín González Formoso, identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica, e asistido polo Secretario Xeral, Don Miguel Iglesias Martínez, quen se identifica igualmente electronicamente mediante o correspondente certificado de firma electrónica, no exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E, doutra parte, o Concello de Cerceda, con NIF P1502400C, representado polo seu alcalde Don Juan Manuel Rodríguez García, cargo que segue desempeñando na actualidade, identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica e facultado para a subscripción do presente convenio segundo se desprende do acordo adoptado e certificado pola Secretaría do mesmo de data 15 de outubro de 2025.

Mediante a sinatura do presente documento, Don Juan Manuel Rodríguez García declara expresamente que o acordo relacionado no parágrafo anterior e as facultades que do mesmo se derivan non foron suspendidas, limitadas nin revogadas.

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio e a tal efecto

MANIFESTAN

1.- Que de conformidade co disposto no art. 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, as Deputacións teñen a competencia para prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión.

2.- Que, por outra banda, a disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece que os municipios, excepto os de gran poboación, poderán encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino e persoal laboral temporal ás deputacións provinciais.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
Servizo de Asistencia Técnica a Municipios



CONCELLO DE CERCEDA

3.- Que tanto a Deputación da Coruña, como o Concello de Cerceda consideran que a cobertura de forma áxil e eficaz dos postos de persoal técnico temporalmente vacantes é unha necesidade básica de todos os concellos, e que a formación dunha lista provincial, xestionada desde o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, pode ser útil para estes efectos.

4.- Que esta encomenda da xestión da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a foi aprobada polo Pleno da Corporación Municipal o día 15 de outubro de 2025

5.- Que a aceptación desta encomenda da xestión foi aprobada polo Pleno da Corporación Provincial o día 31 de outubro de 2025.

6.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Cerceda, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme as seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto a fixación das bases da encomenda voluntaria da xestión material da selección de persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a do Concello de Cerceda ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación Provincial.

Segunda.- Compromisos

Para estes efectos, a Deputación, a través do seu Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, comprométese a poñer ao dispor do Concello a lista de agarda elaborada por este Servizo a partir do correspondente proceso de selección.

Pola súa banda, o Concello comprométese a que o posto ofertado sexa a xornada completa ou cando menos de tres (3) días á semana, agás que mediante acordo de dous concellos limítrofes ou dentro da mesma comarca garantan conxuntamente a cobertura da xornada completa. Ademais, para que se poidan cubrir as baixas por incapacidade temporal con persoal desta listaxe, a duración estimada da baixa será de cando menos un (1) mes. O Concello asumirá como persoal propio á persoa resultante da listaxe elaborada por esta Deputación por orde de prelación.

A sinatura deste convenio non impedirá que o Concello, se o estimase conveniente, poida desenvolver en calquera momento os seus propios procesos selectivos.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
Servizo de Asistencia Técnica a Municipios



CONCELLO DE CERCEDA

Terceira.- Procedemento

O procedemento de solicitude de asistencia en materia de selección de persoal técnico propio para o Concello será o seguinte:

1. Presentación da solicitude, asinada pola persoa titular da Alcaldía, mediante o procedemento de SUBTEL no modelo que se xunta como Anexo I: procedemento de SUBTEL [0089] Asistencia Técnica a Municipios - (SATM-AD) Solicitudes de asistencia xeral (documental).

Coa solicitude achegarase un escrito asinado pola persoa titular da Secretaría especificando as características do posto e a duración mínima da vinculación, sen prexuízo de calquera outra información complementaria que se considere conveniente.

2. Unha vez recibida a solicitude, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios iniciará o proceso de chamamentos consonte o Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (Boletín Oficial da Provincia número 119, do 30 de xullo de 2020 ou o que en cada momento o substitúa) coas particularidades que aquí se contemplan.
3. As persoas candidatas disporán de dous (2) días hábiles para aceptar ou renunciar. Unha vez aceptado o posto pola persoa integrante da listaxe, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios comunicará tal circunstancia ao Concello no prazo de dous (2) días hábiles.
4. No prazo máximo de dez (10) días hábiles dende a aceptación, o Concello deberá proceder ao nomeamento como persoal funcionario interino da persoa seleccionada, que tomará posesión ante o Concello o día seguinte.
5. O Concello deberá comunicar ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios a toma de posesión, a duración do contrato e calquera alteración do seu estado, incluída a finalización.
6. Durante a vixencia da lista manterase sempre a orde de prelación inicial das persoas aspirantes, tendo en conta as seguintes regras á hora de facer os chamamentos:
 - a aparición dunha vacante sen reserva de praza considerárase unha mellora de emprego e suporá o ofrecemento desta vacante por orde de prelación na lista e por unha soa vez por candidato. Só se poderá optar a esta mellora cando se teñan máis de seis (6) meses de antigüidade no posto desempeñado nese momento.
 - as persoas que ocupen postos que non acaden a xornada completa poderán renunciar ao nomeamento transcorridos os seis meses de traballo efectivo, sen seren penalizadas.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
Servizo de Asistencia Técnica a Municipios



CONCELLO DE CERCEDA

Cuarta.- Vixencia do presente convenio.

O presente convenio será efectivo desde a data da súa sinatura e terá vixencia anual, prorrogable automaticamente un máximo de catro anos, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, notificada á outra cun mínimo dun mes de antelación á efectividade da resolución.

Quinta. Natureza e Xurisdición competente.

O presente convenio ten natureza administrativa e réxese polo disposto nos artigos 47 e 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; na disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais normas de dereito administrativo que lles resulten aplicables. O Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación será de aplicación en todo o que complementa e non contradiga as cláusulas deste convenio. A resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución do mesmo corresponderá á Xurisdición Contencioso-Administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desa orde xurisdiccional.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O REPRESENTANTE DO CONCELLO DE
CERCEDA

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Juan Manuel Rodríguez García

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Miguel Iglesias Martínez



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
Servizo de Asistencia Técnica a Municipios



CONCELLO DE CERCEDA

ANEXO I Solicitude

Este concello solicita, segundo o previsto no vixente *Regulamento de prestación dos servizos de asistencia técnica, xurídica e económica a municipios*, así como no correspondente convenio de encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a á Deputación Provincial da Coruña:

Concello:	
Tipo de asistencia requirida:	Designación de persoal técnico conforme a listaxe elaborado pola Deputación Provincial da Coruña ☐ Arquitecto/a ☐ Arquitecto/a técnico/a
Persoa de contacto:	
Cargo:	
Teléfono fixo (+ext) / Móbil:	
Enderezo electrónico:	

Achégase relación de documentos á parte.